



IL CAIMANO

Italia, 2006 | 122 min | Comedia. Drama

DIRECTOR Nanni Moretti

GUIÓN Nanni Moretti, Federica Pontremoli, Francesco Piccolo

MÚSICA Franco Piersanti

FOTOGRAFÍA Arnaldo Catinari

INTÉRPRETES Silvio Orlando, Margherita Buy, Jasmine Trinca, Elio De Capitani, Nanni Moretti, Michele Placido, Jerzy Stuhr, Giuliano Montaldo, Paolo Sorrentino, Matteo Garrone

SINOPSE Un veterano produtor de cinema de serie B afronta a súa última oportunidade para manterse na industria, un proxecto ambicioso centrado na chegada de Cristobal Colón a América. Pero, de súpeto, decide arriscarse e apostar por unha directora novel. Esta preséntalle o que el cre que é un *thriller*, pero en realidade trátase dunha incómoda biografía do entón presidente do Goberno Silvio Berlusconi.

Para afrontar con rigor unha proposta tan fascinante e intimamente complexa como a que Nanni Moretti propón en *Il Caimano* o máis honesto é situarse no contexto preciso do ano en que se realiza esta película sobre Berlusconi (deixemos para máis adiante a relatividade desa etiqueta).

O filme estréase no festival de Cannes, en maio de 2006, unhas semanas antes de que Romano Prodi gañe, por unha reducidísima marxe de votos, as eleccións en Italia e, en consecuencia, desaloxe da xefatura do Goberno a Silvio Berlusconi. Vívase entón un deses interregnos nos que se dubida de se Il Cavaliere está definitivamente derrotado ou se vai rexurdir unha vez máis de entre as augas como Robert De Niro nas secuencias finais de *Cape Fear*.

En calquera caso, a fixación de Moretti co personaxe de Berlusconi viña ben definida por aquela memorable sensación de impotencia ante o indestrutible, que era o que saía a relucir na pesadosa *Aprile* (1998), despois de que na película asistíssemos a unhas imaxes tomadas dun debate televisivo electoral nas que Berlusconi facía a súa vontade ante a inanidade dialéctica do daquela altura líder do poscomunismo, Massimo D'Alema.

Pero aínda que transcorreron oito anos dende a desesperanza política de *Aprile*, Moretti xa barrunta que a fin do pesadelo está lonxe. Xa tivo que baixar ás avenidas a exercer pouco menos que a oposición de facto a Berlusconi e a toda a clase política co movemento dos *girotondi*. Entón, *Il Caimano* estréase en Italia en plena campaña das eleccións de 2006 e non deixa de ser vista e polemizada como unha sorte de ariete intelectual que contribúe a caldear o clima de fastío que conclúe co magnate fóra do Palazzo Chigi.

Por iso é tan especificamente admirable toda esa complexa construción de *Il Caimano*, tan metacinematográfica e, se me apuran, metapolítica, tan afastada da película de barricada, de denuncia, do cinema-manifesto, por non falar da parodia, á que en ningún caso acode o seu finísimo trazo.

Os que esperaban unha defenestración caricaturesca do Cavaliere atópanse con algo ben diverso. Unha película que non fala de Berlusconi senón como unha sombra da cova de Platón. A idea dese produtor de cinema de serie B (encarnado por Silvio Orlando, compañeiro de Moretti na citada *Aprile*) que abandona o proxecto que o ía salvar da ruína, unha ambiciosa e inofensiva cinta histórica sobre Cristovo Colón, para enlearse, sen saber ben como, nunha película suicida sobre Berlusconi, é un prodixioso xogo especular. Porque ese proxecto vai ser o ben particular *corazón das tebras* do produtor, desnortado entre a fenda da súa vida sentimental e familiar (hai algo aí que trae ecos de *A stanza do figlio*; non en van a cogaionista desta, Heidrun Schleff, repite nos créditos de *Il Caimano*) e o progresivo temporal que desbarata a viabilidade da súa película que ía abordar a vida do arquiinimigo.

Entremedias, Berlusconi non parece ter responsabilidade ningunha no desastre do produtor. Se acaso, é só unha man invisible. Iso si, da mesma forma que renuncia a caricaturizalo, cando Moretti decide que a súa némesa ten que entrar en escena, faino literalmente, en tres secuencias de arquivo que recollen algunhas das máis célebres e funestas intervencións parlamentarias de Silvio Berlusconi, unha delas, aquela na que relaciona o comisario europeo alemán Martin Schultz coas cámaras de gas. E eses minutos de *footage* son espasmos de puro terror. Porque Moretti comprendeu desde ben pronto que é inútil dramatizar a Berlusconi, e que a única forma de expresar o horror e a infamia que representa é mostrando o caimán abrindo as fauces en sede parlamentaria.



A metaficción da película sobre Berlusconi que nunca chegou a realizarse esconde un ás na manga: unha non só honesta senón necesaria licenza que nos vai ofrecer, finalmente, a catarse que gañamos a pulso. A imaxe de Nerón deixando tras si unha Roma incendiada (antes viramos a Italia á deriva, na belísima e estremecedora secuencia da carabela rolante na cidade escura e perdida), mentres amparados en Haendel, Dixit Dominus, Berlusconi, Neron e finalmente Moretti non miran cara a atrás. O que *Il Caimano* non aclaraba era se as lapas devorarían, esta vez si, á mala besta. Ou se, aínda, volvería das profundidades da lameira, como De Niro en *Cape Fear*, a dar un garbeo polos seus iates, o seu Parlamento, o seu Pazo do Goberno, as súas televisións, os seus *bunga-bungas*, as súas *velinas* sobriñas de Hosni Mubarak, nunha enésima exposición do pesadelo. De aí é de onde agora, sete anos despois, aínda non cremos estar saíndo.

José Luis Losa

SINOPSIS Un veterano productor de cine de serie B afronta su última oportunidad para mantenerse en la industria, un proyecto ambicioso centrado en la llegada de Cristóbal Colón a América. Pero, de modo súbito, decide arriesgarse y apostar por una directora novel. Esta le presenta lo que él cree que es un *thriller*, pero en realidad se trata de una incómoda biografía del entonces presidente del Gobierno Silvio Berlusconi.

—

Para afrontar con rigor una propuesta tan fascinante e íntimamente compleja como la que Nanni Moretti propone en *Il Caimano* lo más honesto es situarse en el contexto preciso del año en que se realiza esta película *en torno a Berlusconi* (dejemos para más adelante la relatividad de esa etiqueta).

El film se estrena en el festival de Cannes, en mayo de 2006, unas semanas antes de que Romano Prodi gane, por un reducidísimo margen de votos, las elecciones en Italia y, en consecuencia, desaloje de la jefatura del Gobierno a Silvio Berlusconi. Se vive entonces uno de esos interregnos en los que se duda de si *Il Cavaliere* está definitivamente noqueado o si a va a resurgir una vez más de entre las aguas como Robert De Niro en las secuencias finales de *Cape Fear*.

En cualquier caso, la fijación de Moretti con el personaje de Berlusconi venía bien definida por aquella memorable sensación de impotencia ante lo indestructible, que era lo que salía a relucir en la pesadosa *Aprile* (1998), después de que en la película asistiésemos a unas imágenes tomadas de un debate televisivo electoral en las que Berlusconi campaba por sus respetos ante la inanidad dialéctica del a la sazón líder del poscomunismo, Massimo D'Alema.

Pero aunque han transcurrido ocho años desde la desesperanza política de *Aprile*, Moretti ya barrunta que el final de la pesadilla está lejano. Ya ha tenido que bajar a las avenidas a ejercer poco menos que la oposición de facto a Berlusconi y a toda la clase política con el movimiento de los *girotondi*. Entonces, *Il Caimano* se estrena en Italia en plena campaña de las elecciones de 2006 y no deja de ser vista y polemizada como una suerte de ariete intelectual que contribuye a caldear el clima de hastío que concluye con el magnate fuera del Palazzo Chigi.

Por eso es tan específicamente admirable toda esa compleja construcción de *Il Caimano*, tan metacinematográfica y, si me apuran, metapolítica, tan alejada de la película de barricada, de denuncia, del cine-manifiesto, por no hablar de la parodia, a la que en ningún caso acude su finísimo trazo.



Los que esperaban una defenestración caricaturesca del Cavaliere se encuentran con algo bien diverso. Una película que no habla de Berlusconi sino como una sombra de la cueva de Platón. La idea de ese productor de cine de serie B (encarnado por Silvio Orlando, compañero de Moretti en la citada *Aprile*) que abandona el proyecto que iba a salvarlo de la ruina, una ambiciosa e inofensiva cinta histórica sobre Cristóbal Colón, para enfangarse, sin saber bien cómo, en una película suicida sobre Berlusconi, es un prodigioso juego especular. Porque ese proyecto va a ser el bien particular corazón de las tinieblas del productor, desafortunado entre el resquebrajamiento de su vida sentimental y familiar (hay algo ahí que trae ecos de *La stanza del figlio*; no en vano la coguionista de esta, Heidrun Schleff, repite en los créditos de *Il Caimano*) y el progresivo temporal que desarbola la viabilidad de su película que iba a abordar la vida del archienemigo.

Entremedias, Berlusconi no parece tener responsabilidad alguna en la debacle del productor. Si acaso, es solo una mano invisible. Eso sí, de la misma forma que renuncia a caricaturizarlo, cuando Moretti decide que su némesis tiene que entrar en escena, lo hace literalmente, en tres secuencias de archivo que recogen algunas de las más célebres y funestas intervenciones parlamentarias de Silvio Berlusconi, una de ellas, aquella en la que relaciona al comisario europeo alemán Martin Schultz con las cámaras de gas. Y esos minutos de *footage* son espasmos de puro terror. Porque Moretti ha comprendido desde bien pronto que es inútil dramatizar a Berlusconi, y que la única forma de expresar el horror y la infamia que representa es mostrando al caimán abriendo las fauces en sede parlamentaria.

La metaficción de la película sobre Berlusconi que nunca llegó a realizarse esconde un as en la manga: una no solo honesta sino necesaria licencia que va a ofrecernos, finalmente, la catarsis que nos hemos ganado a pulso. La imagen de Nerón dejando tras de sí una Roma incendiada (antes habíamos visto a Italia a la deriva, en la bellísima y estremecedora secuencia de la carabela rodante en la ciudad oscura y perdida), mientras amparados en Haendel, *Dixit Dominus*, Berlusconi, Neron y finalmente Moretti no miran hacia atrás. Lo que *Il Caimano* no aclaraba era si las llamas devorarían, esta vez sí, a la mala bestia. O si, todavía, volvería de las profundidades del fangal, como De Niro en *Cape Fear*, a darse un garbeo por sus yates, su Parlamento, su Palacio del Gobierno, sus televisiones, sus *bunga-bungas*, sus *velinas* sobrinas de Hosni Mubarak, en una enésima exposición de la pesadilla. De ahí es de donde ahora, siete años después, todavía no creemos estar saliendo.

José Luis Losa

